



PÍSCORE presenta

# CONCERTO *con*FUSIÓN







## A COMPAÑÍA

- ☆ Premio do Público Festiclown 2017
- ☆ Espectáculo mellor valorado polo público en Domingos do Principal 2018

Píscore chega para levar a todas as prazas e teatros a mellor comedia musical e xestual. Son unha compañía que naceu na primavera de 2016 e que homenaxea co seu nome á famosa “Esther Píscore”, trasunto da musa da danza, Terpsícore, un coñecido *gag* de Les Luthiers. Teñen a premisa de facernos rir dende o virtuosismo musical, a elegancia e unha estética moi próxima á comedia xestual máis clásica.

Catro actores/músicos con ampla formación musical (forman parte doutras agrupacións como Odaiko, A Magnifique Bande dos Homes Sen Medo...) e experiencia escénica presentan no 2019 a súa segunda proposta tras o éxito de *Concerto Singular*.





## Histórico de Actuacións

- » ESTREA!, FIOT de Carballo, 7-10-2016
- » EstacionArte Ponferrada, 7-12-2016
- » Auditorio Municipal de Ourense, 15-01-2017
- » O Graxal, Cambre, 18-03-2017
- » Teatro Cine Elma, A Pobra do Caramiñal, 12-05-2017
- » GALICIA ESCENA PRO, Santiago de Compostela, 13-06-2017
- » Casa de la Cultura de Muros, 29-06-2017
- » Bai Verán de Baiona, 11-07-2017
- » Praza de San Martiño, Ourense, 13-07-2017
- » Festival RÚA EXT-CÉNICA, Praza Hundida de Oleiros, 16-07-2016
- » Praza Ramón Xuga de Laxe, 20-07-2017
- » Praza dos Barcos de Sanxenxo, 03-08-2017
- » O Xardín dos Libros (Méndez Núñez, A Coruña), 09-08-2017
- » Praza de España, en Monforte, 12-08-2017
- » FESTICLOWN Vilagarcía (PREMIO DO PÚBLICO), 15-08-2017
- » Mostra de Teatro de Cariño, Cariño 18-08-2017
- » VIVE EL VERANO, Cuartel Huerta, Móstoles, 27-08-2017
- » FERIXA NAUSIKOAK, Elorrio, Euskadi, 03-09-2017
- » Festival Barosa Líquida, en Barro, 15-10-2017
- » Teatro Pastor Díaz, Viveiro, 28-10-2017
- » Teatro Salón Cervantes, Alcalá de Henares, 29-10-2017
- » Leioa, Kulturleioa 28-09-2018
- » DOMINGOS DO PRINCIPAL (Espectáculo mellor valorado polo público), Pontevedra 18-02-2018.
- » Primavera Pozuelo, Pozuelo de Alarcón 18-05-2018
- » Santiago de Compostela, Ciclo Banda de Música, Santiago 15-06-2018
- » Gala do Cooperativismo, Xunta de Galicia 06-07-2018
- » Plaza Tomás Y Valiente, Fuenlabrada 21-07-2018
- » Festas da Peregrina, Pontevedra 15-08-2018
- » Altea, Valencia 30-08-2018
- » Gabonaldia, Barakaldo 02-01-2019
- » Almazán, Soria 23-11-2018
- » Sala da Cultura, Fistera 18-12-2018
- » Auditorio Municipal, Ribeira 20-12-2018





## Concerto Con Fusión

### O espectáculo

Despois de cen funcións co seu primeiro espectáculo Concerto Singular (e Plural) - *Premio do Público Festiclown 2018, Espectáculo mellor valorado en Domingos do Principal 2018* –, Culturactiva S. Coop. Galega e a compañía Píscore presentan a súa segunda montaxe, **Concerto Con Fusión**.

Mantendo a anterior e exitosa liña de traballo marcada pola compañía, en esta produción (con)fusionamos música, teatro, humor, comedia xestual, clown e participación do público. Cunha marimba como eixo principal do espectáculo, **Concerto con Fusión** incorpora diversos matices musicais, cunha vocación popular e con cabida para diferentes ritmos musicais: música latina, rock & roll, reggae, pop ou música disco.

Catro músicos, descoñecidos, de estilos moi diferentes, chegan ao escenario sen os seus instrumentos. O descubrimento dunha marimba fai que, o que podería ser un desastre, se converta nun divertido exercicio de virtuosismo, cooperación e fusión musical. Entre partituras, atrís e baquetas, os catro protagonistas van descubrindo, pouco a pouco, tema a tema, que teñen un pasado en común e unha increíble habilidade para crear músicas (con)fusionando estilos e os máis impensables instrumentos.

### FICHA ARTÍSTICA

**Dirección:** Fran Rei

**Elenco:** Pepe Varela, Diego Rosal, Félix Rodríguez e Pablo Cabanelas

**Autor:** Creación propia

**Composición musical e arranxos:**  
Adrián Saavedra

**Coreografía:** Sonia Míguez

**Duración:** 55 minutos

**Formato:** musicomedia sen palabras

**Público:** Todas as idades

**Espazo:** interior ou exterior con tarima





## Félix Rodríguez

Félix Rodríguez é músico desde os doce anos, cando comeza a súa andadura musical na escola da Banda Artística de Merza, asistindo a clase de percusión con Valentín Romero e Juan Collazo. Segue a súa formación no Conservatorio de Lalín con Darío González e anos máis tarde no Conservatorio Superior de Música de Vigo con Carlos Castro e Vicent Grau.

Durante este tempo asiste a numerosos cursos de formación e perfeccionamento de percusión clásico - contemporánea con mestres de recoñecido prestixio como Nick Woud, Nancy Zeltsman, Pedro Carneiro, Tobías Guttman, Jan Pustjens, César Peris ou Lorenzo Ferrándiz entre outros. Tamén o fai, máis recentemente, con mestres doutros estilos (jazz, *world music*, música tradicional...) como son LAR Legido, Aleix Tobías ou Antonio Sánchez.

Paralelamente, realiza cursos de dramatización, interpretación e teatro con Evaristo Calvo ou Fran Rei, entre outros.

Colabora con numerosas e variadas agrupacións profesionais como a Banda Municipal da Coruña, Banda Municipal de Santiago de Compostela, Orquestra de Cámara Galega, Orquestra Vigo 430, Hulencourt Soloists Chamber Orchestra, Rastrexos Project... Dende 2012 forma parte de Odaiko Percussion Group, un dos grupos máis activos da península e co que leva realizados máis de 300 concertos. Ademais, na actualidade forma parte da compañía de teatro musical Píscore, e colabora puntualmente coa compañía Fantoques Baj.

## Pepe Varela

José Varela Santalla (Pepe) estudou Grao Medio de música no Conservatorio Profesional de Lalín e Grado Superior de música no Conservatorio Superior de Música de Vigo. Coursou estudos na Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia na especialidade de percusión co mestre Josep Vicent Faus, na promoción 2004-06. Realizou diversos cursiños e masterclass con percusionistas de gran prestixio internacional.

Na súa longa traxectoria como músico profesional, ten participado en diversos concertos e gravacións coa orquestra da EAEM, a Real Filharmonía de Galicia, Orquestra de Castilla y León, a Orquestra Vigo 430 e a Hulencourt Soloists Chamber Orchestra.

A nivel pedagógico, é mestre de Percusión do Conservatorio Profesional de Lalín, membro da Banda de Lalín, Banda de Musica de Pontevedra e do grupo Píscore.

Concerto Singular (e Plural)







## Pablo Cabanelas

Pablo Cabanelas Peón comeza os seus estudos aos sete anos na Escola da Banda de Música de Salcedo, Pontevedra, pasando posteriormente a estudar no Conservatorio Profesional de Música de Pontevedra, no Conservatorio Superior de Música de Vigo, no Conservatorio Superior de Música da Coruña e no Conservatoire National de Strasbourg. Entre os anos 2004 e 2006 foi membro activo da Escolla de Altos Estudios Musicales de Galicia. Realizou numerosos cursos de percusión con mestres do nivel de Nancy Zeltsman, Bogdan Bacanu, Eric Sammut, Nick Woud, Frederic Macarez, Jan Pustjens, Miguel Bernat, Juanjo Guillem, Ali N'Diaye, Israel Moreno, Marc Braafthart, ...

Ten colaborado con numerosas agrupacións como a Real Filarmonía de Galicia, a Orquesta Filarmonica "Ciudad de Pontevedra", a Orquesta Clásica de Vigo, a Orquesta Vigo 430, a Globus Orchestra, a Banda Filarmonica de Galicia, a Banda Sinfónica da Federación, a Banda Minho-Galaica, Omar Percussion Group, Grupo de Percusión da EAEM, Grupo de percusión Perkuka, Karolis Biveinis Film Ensemble, ...

Na actualidade é docente nas escolas das Bandas de Música de Salcedo, de Rianxo, da Pobra do Caramiñal, de Vilaboa e do Conservatorio de Cambados. Ademais é membro da Hulencourt Soloists Chamber Orchestra, da Banda de Música de Pontevedra e do grupo Píscore..

## Diego Rosal

Diego Rosal Chaves comeza os estudos musicais con 10 anos na Escola de Música de Meaño. Un ano despois empeza coa percusión co mestre Rubén García Ferreira e continua con Daniel Riveiro Hermo.

Realizou diversos cursos de perfeccionamento con profesores como Diego Ventoso Fernández, César Peris, Juan Collazo, Lester Rodríguez e Roberto Oliveira Ogando. No ano 2003 consegue a praza de percusionista da Banda de Música de Pontevedra. Colabora con bandas de toda a xeografía galega así coma coa Orquesta Filarmónica Cidade de Pontevedra e coa Hulencourt Soloist Chamber Orchestra de Bélxica.

En xullo do 2009, acaba os estudos de Grao Profesional da man do mestre Ton Risco no CMUS de Santiago de Compostela.

Na actualidade cursa os estudos de Percusión no Conservatorio Superior de Música de Vigo con Carlos Castro e Vicent Grau.

No aspecto pedagóxico imparte clases de percusión na Escola de Música Municipal de Meaño e na Escola de Música Municipal "Pepe Silva" de O Grove.





## Fran Rei / Director

Fran Rei é actor cómico, director e guionista.

Cofundador, pallaso en activo e coordinador da compañía oficial do Festival Internacional de Clown de Galicia (Festiclown) Os Sete Magníficos máis Un e da productora - compañía Culturactiva SCG, coas que ten participado en preto de 20 espectáculos desde o ano 2001. Igualmente, ten traballado noutras compañías de teatro galegas, como Bagunça Teatro, Producións Desaqueloutradas, Acontrabutaca e Pallasos en Rebeldía.

Na súa formación escénica destacan numerosos cursos de teatro, clown e bufón con algúns dos mellores mestres do panorama internacional, como Good Idea Company, Carlo Colombaioni, Leo Bassi, Eric de Bont, Iván Prado ou Antón Valén.

Como director teatral, é responsable dos espectáculos *Supergalácticos* (Código Morsa), *Volta á Maxia* (Dani García), *Ritmo de Refugallo* (Trío Refugallo) e *Concerto Singular* (Píscore), ademais do espectáculo cómico – musical *Desconcerto*, que realizou con diversas bandas de música.

Igualmente, é monitor de dramatización, teatro e clown e dirixe varias escolas de formación teatral de carácter amador, entre as que destacan a Aula de Teatro Municipal de Teo ou os grupos de teatro da Asociación Escola Artística de Cuntis. Especialista en clown, desenvolve regularmente obradoiros de iniciación e perfeccionamento desta técnica.

Nos últimos anos está a traballar regularmente no sector audiovisual galego, formando parella cómica con Pedro Brandariz no programa *Luar* (TVG) desde o ano 2012.

Paralelamente ao seu traballo profesional, é membro fundador da organización galega de cooperación internacional a través das artes Pallasos en Rebeldía e, con esta entidade, ten participado en diversas caravanas de pallasos por comunidades indíxenas de Chiapas (México), así como en varias campañas de difusión e concienciación en centros de ensino galegos.



## Culturactiva S. Coop Galega

Culturactiva S. Coop. Galega representa, tras unha dilatada traxectoria, un claro referente en Galicia no sector da xestión cultural. Consolidada xa como unha das grandes distribuidoras do país, o seu ámbito profesional abrangue os campos da venda teatral e musical, a organización de eventos, a xestión integral de programacións e a dinamización cultural, tanto no ámbito creativo como formativo.

Deste xeito, Culturactiva converteuse en Galicia nun motor para os sectores teatral e musical, tanto a través de grandes festivais e plataformas como son o *Festiclown*, *Galeuzca*, *Olladas do Planeta* ou a *Feira Ecolóxica*, como do seu fundamental traballo na distribución e produción escénica. Co paso do tempo e avalada pola súa experiencia, Culturactiva ampliou o seu ámbito de actuación máis aló das nosas fronteiras, estendendo o seu labor ao resto do estado e a nivel global.

Culturactiva é a entidade na que confían a súa distribución en Galicia a artistas internacionais do nivel de Leo Bassi, Jango Edwards ou compañías como Yllana e intérpretes galegos de gran proxección como Peter Punk, Sergio Pazos ou o Mago Teo. Como distribuidora musical, Culturactiva traballa con formacións musicais do país de gran prestixio, como son Guadi Galego, Talabarte ou, entre outras moitas, Vaamonde, Lamas & Romero.

Ademais, Culturactiva leva máis dunha década traballando na produción de espectáculos e montaxes teatrais, ámbito no que destaca con diversas obras. Deste xeito, impulsa agora *Concerto Con Fusión*.





## Necesidades técnicas:

- » Tempo de montaxe: 2,5 horas /
- » Desmontaxe: 1 hora
- » Duración do espectáculo: 60 min.
- » Chan regular, sen inclinación.
- » Para exterior, tarima a baixa altura.
- » Espazo: 6 metros de ancho - 6 de fondo - 4 de altura –
- » Acceso do vehículo ata o mesmo espazo onde se realiza a función.
- » Luz (branca xeral para escenario)
- » Para exterior serán necesarios 4 micros Shure PG 185 ou similar con petaca inalámbrica.



Contratación:

**981 582 836**

**info@culturactiva.org**



**www.culturactiva.org**